




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



De orde do Excmo. Sr. Reitor, logo do acordo da Mesa do Claustro en funcións, teño a honra de convocar a V.S. á sesión constitutiva do Claustro, que terá lugar o día 22 de febreiro de 2007, no Paraninfo da Reitoría, A Maestranza, ás 9:00 horas en primeira convocatoria e ás 9:30 horas en segunda convocatoria, da acordo coa seguinte orde do día:

1. Constitución do Claustro
2. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
3. Designación Mesa de Idade.
4. Debate das propostas recibidas sobre a composición da Mesa do Claustro. Votación das propostas.
5. Debate das propostas recibidas sobre a representación do Claustro no Consello de Goberno. Votación das propostas.
6. Comisión Electoral Central.
7. Regulamento de Réxime Interno do Claustro.
8. Quenda aberta de intervencións.
9. Eleccións membros da Mesa do Claustro, representantes do Claustro no Consello de Goberno e membros da Comisión Electoral Central.


En relación co punto 2 da orde do día, a copia da acta da sesión anterior do Claustro estará depositada na Secretaría dos Centros a disposición dos seus membros.

En relación cos puntos 4 e 5 da orde do día, os membros do Claustro disporán até as 14:00 horas do vindeiro día 21 de febreiro para a presentación, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, das propostas sobre a composición da Mesa do Claustro, que deberán estar avaladas polo menos por quince claustrais, e das propostas sobre a representación do Claustro no Consello de Goberno, que tamén deberán estar avaladas polo menos por quince claustrais.

O procedemento para a elección dos membros da Mesa do Claustro, para a elección das persoas que representan ao Claustro no Consello de Goberno e para a elección dos membros da Comisión Electoral Central será o seguinte:

1. De 12:30 horas a 13:00 horas: presentación de candidaturas.
2. Ás 13:30 horas: proclamación provisoria de candidaturas.
3. Até as 13:45: reclamacións á proclamación provisoria de candidaturas.
4. Ás 14:00 horas: proclamación definitiva de candidaturas.
5. De 14:00 horas a 16:30 horas: votación.
6. Ás 16:30 horas: reconto e a continuación proclamación provisoria.
7. Até as 13:00 horas do día 23 de febreiro: reclamacións á proclamación provisoria.
8. Ás 14:00 horas do día 23 de febreiro: proclamación definitiva.

A Coruña, 12 de febreiro de 2007

SECRETARIO XERAL

Xosé Manuel Carril Vázquez

Os membros do Claustro poderán estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión do Claustro.

SRES/AS MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO